



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación da Conferencia de Teresa Pedrosa no Fórum Europa – Tribuna Galicia

Vigo, 20 de febreiro de 2013, 09.00 h

Quero comezar dicindo que me sinto afagada –á vez que tamén satisfeita– pola invitación que me fixo Teresa Pedrosa para facer a súa presentación neste prestixioso Fórum Europa – Tribuna Galicia.

Afagada non só polo aprecio persoal que ela sabe que lle teño, senón tamén polo respecto profesional e político que me inspira a protagonista deste acto.

E satisfeita porque, de verdade, é unha honra poder falar hoxe dunha amiga e, tamén, dunha profesional altamente cualificada, honorable e que aspira a lograr a excelencia no seu día a día.

Comprenderán que comece dicindo estas cousas, porque nun momento como o actual, no que a cotío, e moitas veces inxustamente, se está a cuestionar despiadadamente a política e os políticos, eu queira reivindicar, a través de Teresa Pedrosa, a política con maiúsculas; e os políticos que, coma ela, constitúen un bo exemplo dos numerosos profesionais preparados, de persoas que, podendo gañar a vida noutro eido, nun momento determinado demos un paso a adiante para participar na vida pública co obxectivo único e compartido da procura do ben común.

Porque creo honestamente que, como Teresa, a maior parte dos compañeiros que estamos na vida política somos profesionais que participamos en política, e non profesionais da política.



Mulleres e homes aos que ninguén nos regalou nada e que estamos aquí polo noso esforzo e pola nosa vocación de xestión pública. Nada máis e nada menos.

Teresa e mais eu somos de Pontevedra. É certo que ela con máis dereito ca min, por iso do nacemento.

Pero, independentemente das nosas orixes, ambas somos e sentímonos pontevedresas.

E, a pesar de que nos coñecemos desde hai moitísimo tempo, como case todo o mundo nunha cidade pequena, as nosas vidas transcorreron en paralelo, durante diferentes períodos, ata que as nosas inquedanzas comúns nos fixeron coincidir e compartir cada vez máis cousas: a política fíxonos amigas (e descubrir todo o que tiñamos en común), e estou segura de que iso xa non mudará nunca.

Non quixera deixar de falar, aínda que sexa brevemente, da experiencia e da actividade profesional de Teresa Pedrosa.

- É licenciada en dereito pola USC e pertence ao corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social.
- Moi nova, foi presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, onde creo que non atoparán vostedes unha mala opinión dela, nun lugar certamente difícil.
- Á súa experiencia, contrastada en xestión pública, súmase no seu currículo a súa experiencia na política local, onde liderou o Partido Popular de Pontevedra. E foi vicepresidenta da Deputación Provincial.
- Fomos moitísimos os que sentimos a súa marcha da política local, porque estamos convencidos de que podería ter sido unha gran alcaldesa, como foi unha extraordinaria vicepresidenta da Deputación, onde eu destacaría o seu labor a prol do deporte e a súa loita incansable polos colectivos sociais da provincia.



- Pero, ás veces, a política é así.
- Rematou o seu ciclo en Pontevedra e volveu ao seu posto de traballo, con destino na Coruña, sen estridencias, asumindo que en política, como tantas veces comentamos, estamos de paso, e que non sempre toca estar na primeira liña (aínda que nalgúns casos semelle inxusto).

Por iso celebro especialmente que o Goberno de España contara con ela nesta nova andaina.

Porque Teresa constitúe un claro exemplo do que antes falaba, da aposta dun Goberno por profesionais sólidos. Por unha muller preparada, cun currículo extenso, que conxuga unha excelente cualificación profesional cunha dilatada experiencia nas administracións central, autonómica, provincial e local.

Creo que os vigueses teñen moita sorte, porque estou segura de que Teresa Pedrosa está a facer, e fará, un gran traballo na Delegación do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Pero será ela a que hoxe aquí nolo explique.

Moitas grazas.